INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL. A CONSTRUCIÓN DO RÉXIME LIBERAL

SABELA II
1833-1868

GUERRAS CARLISTAS
1833-1875

REXENCIA DE Mª CRISTINA
(Raíña Gobernadora)
1833-1840

1ª GUERRA CARLISTA
1833-1839

REXENCIA DE ESPARTERO
1840-43

2ª GUERRA CARLISTA

- Na segunda rexencia de María Cristina, os progresistas foron desprazados do poder e ocupado polos moderados, máis do gusto da rexente, que presentaron un **proxecto de lei dos Concellos** (sistema de nomeamento de alcaldes, restrición da autonomía municipal para controlar mellor as eleccións) e que foi aprobado en xullo de 1840. Isto provocou a protesta dos progresistas e da **Milicia Nacional*** que provocaron motíns e levantamentos .
- O xeneral Espartero pretende establecer unha correxencia, ao que se nega a raíña Mª Cristina, que renuncia a rexencia e exiliase en Francia.
- **Espartero***, líder dos progresistas, convértese en rexente. O seu carácter autoritario provocou o descontento entre moderados e progresistas, así como das masas populares. Época de inestabilidade
- **Co progresismo no poder continuou a tarefa de consolidación do réxime liberal (desenvolvemento da Constitución de 1837* e da Desamortización*)**
- **MEDIDAS DE GOBERNO:**
  - Intento de resolver o problema foral vasco e navarro
    - En 1841 a **lei paccionada** recoñeceu a Navarra o dereito a conservar parte das súas institucións e particularidades forais. A cambio aceptaban un réxime común administrativo e electoral, así como o pago dun cupo económico
    - Tras a firma do *Convenio de Vergara**cos carlistas vascos, Espartero asina un acordo ambiguo no que se respectaban os foros, sempre que non fosen contra a unidade de España. As autoridades vascas negáronse a realizar calquera concesión, o que **provocou a supresión dos seus privilexios forais** (recuperados en 1844)
  - Esto supuña a renuncia aos principio revolucionario liberal da **unidade institucional do Estado**, polo que se admitía a existencia de réximes diferentes do común.
- O malestar contra o rexente aumenta tras a **revolta de Barcelona (1842)**. A orixe do conflito está nas relacións entre a patronal da industria algodoeira e o incipiente asociacionismo obreiro; o goberno disolveu a *Asociación Mutua de obreiros da industria algodoeira* e tamén asinou un tratado comercial con Gran Bretaña que era prexudicial para os intereses da industria catalá. Todo conduciu á rebelión. A resposta foi o **bombardeo de Barcelona** e a represión indiscriminada.
- Os progresistas non están de acordo co rexente, os moderados tampouco e vaise formando unha "estraña coalición" antiesparterista que recorre aos pronunciamentos. O líder dos moderados, Narváez derrotou ás tropas de Espartero en Torrejón de Ardoz e este vese obrigado a exiliarse en Londres.
- Formase un novo goberno con progresistas e moderados, quen entre outras medidas adianta a maioría de idade de Isabel**, comezando o seu reinado persoal en novembro de 1843.**

ISABEL II
RÉXIME MODERADO
1843-1868